

EXPRESIÓN DE INTERESE ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS 2019

1.-OBJECTO

Co obxectivo de promover unha liña de axudas á organización de Congresos a Vicerreitoría de Investigación e Innovación publica esta convocatoria de **expresión de interese**, para coñecer as iniciativas previstas para o ano 2019, que responden ás características seguintes:

- Congresos de relevancia, preferentemente internacional, con participación na organización dunha entidade de referencia no campo (Sociedade, Asociación científica, etc)
- A organización do Congreso corresponderá basicamente á USC, que participará de forma activa na mesma.
- O Congreso contará cun comité científico no que participan, ademais de expertos nacionais, expertos internacionais de recoñecido prestixio.
- O Congreso terá unha asistencia estimada superior a 100 participantes.
- O Congreso disporá de cofinanciamento doutras entidades nacionais ou internacionais.
- O Congreso Incluirá actividades de divulgación ou comunicación dos seus resultados á comunidade científica e á sociedade.
- A participación da USC deberá xustificarse

2.-CONCEPTOS SUBVENCIONABLES

A axuda que se impulse irá dirixida a cofinanciar os gastos derivados da imaxe e difusión do Congreso, á publicación dos resultados dos congresos, e gastos da reunión (aluguer de salas, equipos audiovisuais, tradución simultánea....).

3.-PROCEDIMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes ([ANEXO I](#)), dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Innovación, enviaranse ao enderezo electrónico recursoshumanos.programas@usc.es en asunto indicarse **expresión de interese congresos**.

4.-PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de propostas remata o 31/01/2019

Santiago de Compostela,
A Vicerreitoría de Investigación e Innovación